

MEMORIA COMPLEMENTARIA DA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA PARA A CELEBRACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA A PARA PRESTAR UN SERVIZO DE ASESORAMENTO, INTERMEDIACIÓN E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA.

I. Campaña de difusión

A campaña de difusión que realizará o IGVS en medios e redes sociais dos obxectivos do convenio de referencia non supón gasto engadido posto que se inclúe dentro do convenio marco de medios e o contrato de xestión de redes sociais que tan xa asinado o organismo.

II. Financiamento

Á vista da data prevista de efectos do convenio, debe axustarse o importe, que queda da seguinte forma:

O IGVS achegará, para sufragar o custo das obrigacións derivadas do cumprimento deste convenio, a cantidade máxima de 54.600 euros, impostos excluídos, con cargo á aplicación orzamentaria 06.81.451A.227.99 para 2024.

O financiamento da obriga prevista no punto 2.6 deste convenio será asumido integramente polo CAG.

O servizos prestados polo CAG, ascenderán ás seguintes cantidades:

1.- Polos servizos de asesoramento, ata un máximo de 20.400 euros. Esta cantidade desagregaranse da seguinte forma:



Garda semanal: 600 euros x 34 semanas: 20.400 euros. Este servizo terá unha duración ata o 31 de decembro de 2024 a contar dende a data de efectos do convenio.

2. Polo servizo de intermediación, ata un máximo de 30.000 euros, correspondentes, en todo caso, á parte que lle correspondería pagar á persoa ocupante da vivenda en situación de vulnerabilidade económica polos seguintes conceptos e importes máximos:

- Recepción da solicitude, estudo, tarefas administrativa de rexistro e citación das partes de forma fidedigna e designación de mediador: o IGVS pagará como máximo 150 euros.
- Un máximo de dúas sesións de mediación por importe máximo, con cargo aos orzamentos do IGVS, de 150 euros cada unha.

Soamente se xerará o gasto en caso de realizarse o trámite, de modo que, de non existir sesión informativa ou subseguintes, non se facturará gasto algún.

Estímase a realización de 200 intervencións, polo importe máximo de 150 euros máximo cada unha, o que fai un total de 30.000 euros.

3.- O importe restante, que ascende a 4.200 euros, destinarase á infraestrutura, formación e difusión e distribuirase do seguinte modo:

Formación: revisión temario, webinars, clases, pago a formadores: 1.000 euros.

Infraestrutura (liña 900, aula virtual etc.): 1.400 euros.

Difusión (reprografía, redes, etc.): 1.800 euros.

En consecuencia, a letra a) do apartado III.2. "Orzamento desagregado" da memoria xustificativa e económica do convenio debe rectificarse no mesmo sentido, quedando:

Os importes consignados no convenio son coincidentes coa memoria proposta





presentada polo CAG, na que se fai a desagregación dos custes:

a) Polos servizos de asesoramento, ata un máximo de 20.400 euros. Esta cantidade desagregarase da seguinte forma:

Concepto	importe-	Nº de semanas	euros
Garda semanal	600 euros	34	20.400

Documento asinado dixitalmente
A Secretaria Xeral do IGVS
María Ángeles Domínguez Franjo

